

**CONCELLO  
DE VIGO**



## **SAÚDO CONCELLO**

Dende o **Concello de Vigo** felicitámosvos o Nadal cos nosos mellores desexos para estas datas e coa ilusión de que o ano 2022 sirva para cumprir os vosos propósitos.

Este belén artístico de coidada escenografía, elaborado pola Agrupación La Morana, está poboado por duascenas figuras realizadas entre finais do século XIX e mediados do século XX, ocupando máis de cen metros cadrados.

A recreación do primeiro Nadal na Casa das Artes ofrécenos a posibilidade de viaxar dous mil anos atrás no tempo para chegar a Belén a través da estrela, os pastores, os reis, os anxos ou o portal. Neste mundo en miniatura de cortiza, serraduras e musgo, o patrimonio da cidade ten o seu espazo propio coa representación dos ríos Lagares e Eifonso, os petróglifos de Matamá, a Vila romana de Toralla, as salinas romanas do Areal, a salgadura de Alcabre, a ponte romana de Castrelos, a Oliveira ou o mercado do Berbés.

**IMOS A BELÉN** é unha invitación a coñecer a representación tradicional do nacemento de Xesús e a achegarnos a unha parte da historia de Vigo, onde o Nadal vívese hoxe con toda a intensidade.





## Primeira parte / Elementos do Belén tradicional

### A estrela

Os cristiáns tomaron das antigas tradicións a idea de facer xurdir unha estrela que anuncia e sinala o nacemento de Xesús. Unha ou varias estrelas, porque por unha parte temos a que anuncia o Nacemento aos Magos e guía o seu camiño namentres que outra permaneceu como luminaria e sinal sobre o Portal. Unha e outra son distintas. A dos Magos é un cometa que percorre o espazo e marca o destino e a do Portal é un luceiro de cinco puntas, a estrela do Nadal, de tanta suxestión a antigos simbolismos mitolóxicos. Son moitos os astrónomos que hoxe coinciden en sinalar que curiosamente en torno aos anos en que Xesús debeu de nacer, aconteceu un feito astronómico singular que puido reforzar esta referencia estelar dos Beléns.

### O portal

Os evanxeos sitúan o pesebre onde naceu Xesús nunha gruta subterránea ou cova onde os pastores gardaban o gando nos arredores de Belén, pero as diversas tradicións populares adornaron este feito colocando ás personaxes nunha corte ou unhas ruínas que simbolizan o nacemento do cristianismo sobre os antigos ritos pagáns.

O portal de Belén é en si mesmo protagonista de moitas das panxoliñas populares en todo o mundo como sacrosanto lugar onde se situou o pesebre, e as súas reliquias, atopadas pola emperatriz Elena, venéranse na Basílica de Santa María A Maior de Roma.

### A ponte

A ponte é un símbolo universal de tránsito, de rito de pasaxe, de busca, de conexión. Unha ponte lévanos dende unha beira a outra, quizás do coñecido ao descoñecido... pero o que si é indiscutible é que, universalmente, recoñecemos que o cruzar pontes supón unha axuda mediante a que salvamos un obstáculo ou dificultade da vida.

A ponte é símbolo de unión e de poder. Esta simboloxía é moi antiga. O título que recibían os emperadores romanos e que herdaron os Papas é o de Pontífice Máximo, onde a palabra Pontífice significa literalmente, “construtor de pontes”.



## **O río**

Para o pensamento antigo, a auga era un dos catro elementos integrantes da realidade cósmica xunto ao aire, a terra e o lume. A auga é parte principal e fundamento vital en tódalas culturas e tódalas relixións, e se ten considerado como principio vital xerador e constitutivo de tódalas cousas.

As principais cidades e vilas se construíron na beira dun río para asegurar aos seus moradores a abundancia de auga e o rego para as súas colleitas. A presenza dun cauce de auga nos Beléns simboliza a prosperidade e fecundidade que emana da mensaxe do Nacemento de Xesús, quen coma un río de auga viva nos transfere a forza necesaria para vencer ao mal.

## **O pozo**

A presenza de pozos e fontes nos beléns tampouco é casual. A humanidade esqueceu a fonte do Edén; a fonte de auga viva que non só nos nutre, senón que participa da nosa paz e prosperidade. A chegada de Cristo á terra renova o compromiso de Deus cos homes. É como atopar un pozo de auga no medio do deserto.

Cando nos bautizan nos mollan con auga a cabeza representado a renovación do home e o rexeitamento do pecado. No Novo Testamento, a auga de vida representa o espírito de Deus e, polo tanto, a vida eterna.

## **O castelo**

O poder terreal humano, político e social, represéntase por medio da fortaleza do Rey Herodes, gobernante da Xudea do século I ocupada polos romanos. Os seus plans de atopar e matar a Xesús son burlados coa marcha precipitada dos Magos e a Fuxida a Exipto da Sagrada Familia. O castelo e o seu poderío arquitectónico nada poden ante os plans de Deus pois tamén a solidez dos seus muros reflicte a súa forza infinita.



## **A vila**

Nunca falta no Belén tradicional unha vila no bordo do horizonte. Sóese identificar na meirande parte dos casos con Belén de Xudá que é sen dúbida a cidade máis famosa do mundo para vivir o Nadal xa que foi alí onde, segundo a Biblia, naceu Xesús de Nazaret. Así se cumpriu a profecía ao ser o lugar de nacemento e coroación do Rei David.

Pero tamén podemos relacionalo coas representacións da Nova Xerusalén; unha cidade xa sexa literal ou figurada que representa unha reconstrución física ou unha restauración espiritual. O Nacemento de Xesús anuncia o novo Reino de Deus no que unha Nova Xerusalén será restaurada entre as nacións xentís por iso a veces represéntase amurallada e con diferentes pazos e torres.

## **O muíño**

As aspas xirando sen cesar indícanos que o paso do tempo non altera a mensaxe de ledicia e paz que supón para a humanidade o Nacemento de Xesús en Belén. Nalgúns culturas, o xirar das estrelas arredor do polo norte celeste represéntase coma un gran muíño pero para os cristiáns, a fariña que se moe no muíño e logo de amasada se converte en pan, é un símbolo da presenza real de Xesús na Eucaristía.

## **O camiño**

Tódolos camiños conflúen na gruta de Belén evocando dun xeito sinxelo e plástico cal é o verdadeiro centro da celebración do Nadal. Tódalas personaxes diríxense a visitar ao neno coas súas ofrendas. Nalgúns países mantense o costume de ir avanzando as figuras día a día ata chegar ao pesebre. O Advento que precede ao Nadal é un camiño, un proceso íntimo no que cada quen atopa as súas respostas e a súa maneira de levalas a cabo na viaxe da vida.



## TARIMA EXPOSITIVA

Xosé e María viaxaron durante cinco días polos pedrexosos camiños dende Nazaret ata Belén, pobo natal de Xosé, onde se debían rexistrar no censo ordenado en Xudea por Octavio Augusto.

Naqueles días, moitos viaxeros que non atoparan lugar en Xerusalén aloxáronse na aldea próxima de Belén. Por iso Xosé e María non atoparon pousada e cando anoiteceu refuxiáronse nun cortello tallado na rocha. Xesús naceu alí.

Os evanxelios narran como esa mesma noite un ano apareceu aos pastores nos acantilados de Belén, anunciándolles o nacemento do esperado Mesías. Os pastores, sorprendidos, correron ao portal para coñecer a Xesús.

Unha nova estrela apareceu no ceo. Algúns sabios de Oriente guiados por unha estrela fugaz chegaron en caravana cos seus dromedarios para entregar os seus agasallos a Xesús. Ouro como rei, incenso como Deus e mirra como Home.

## Segunda parte / Personaxes do Belén Tradicional

### O Misterio

A Virxe sóese representar coa súa cabeleira tapada cun velo porque noe é casada nin doncela. As primeiras representacións mostran a María recostada despois do parto, pero para insistir na súa condición virxinal comezouse a situala axeonllada ou sentada.

Representar a San Xosé coma un ancián reforzaba a idea de que el non concibiu a Xesús, afastándolle incluso do Neño e da Virxe. Santa Teresa reivindicou o seu papel e a súa presenza no Belén ennobrecese formando parte indisoluble da Sagrada Familia. A vara que porta San Xosé é a vara bíblica dos patriarcas, herdada da vara dos faraóns e floreceu coma sinal divina cando os pretendentes de María se estaban a disputar a súa man.

María viste túnica rosa en alusión á Encarnación de Deus como Home no seu ventre e manto azul como Raíña dos ceos namentres que Xosé adoita vestir de cor morado coma os nazarenos e manto amarelo; cor que identificaba aos hebreos coma gremio mercante durante o medievo. A veces tamén algunha prenda marrón lembra o seu oficio de carpinteiro.

O boi representa aos antigos cultos pagáns e a mula ao pobo hebreo. Ambos animais, incapaces de reproducirse e polo tanto de perpetuarse, recoñecen ao Mesías axeonllándose recoñecendo a súa presenza no pesebre, o lugar máis humilde da casa.

## Os anxos

Son os heraldos portadores da mensaxe da Boa Nova, anunciadores de acontecementos e perigos, e reveladores da vontade divina que traza o inicio da Redención da Humanidade. Os anxos avisan a María, Xosé, aos pastores e aos Magos, mediante a súa visita ou en soños, dos plans de Deus. A súa presenza no Belén como intermediarios entre Deus e os homes é unha sinal de compromiso e fidelidade.

A presenza dos anxos de novo entronca coa mitoloxía antiga. Na Grecia e Roma clásicas os seres alados sempre son mensaxeiros de noticias.

Os anxos son os primeiros adoradores do Neno acabada de nacer e nalgúns beléns os vemos entoando himnos e tocando instrumentos en torno á gruta da Natividade. É unha lembranza ás tradicións escénicas que arredor das festividades se celebraban nos templos e onde a música sempre tiña un papel fundamental. O costume infantil de cantar ante o Belén mantén viva hoxe esa herdanza anhelical que procura que o Neno non acorde, que non saia do seu plácido sono. dose ante el recoñecendo a súa presenza no pesebre, o lugar máis humilde da casa.

## Os reis magos

Segundo o evanxeo de Mateo “uns magos de Oriente presentáronse en Xerusalén” para adorar a Xesús. A partires do século III estableceuse o seu número en tres personaxes que pasaron a denominarse reis pois a maxia estaba perseguida pola Igrexa. É no século XV cando comezan a representar ás razas europea, oriental e africana nos tres estados da vida (ancián, maduro e novo). A Epifanía é a manifestación da chegada do Mesías a tódolos pobos do mundo.

Os agasallos que portan simbolizan a realeza de Xesús (ouro), a súa condición divina (incenso) e a súa humanidade (mirra). Os seus restos consérvanse na catedral de Colonia e a súa festividade deu orixe a innumerables manifestacións da relixiosidade popular e o folclore en todo o mundo destacando a entrega de agasallos e os desfiles e cabalgatas que conmemoran a súa viaxe a Belén.

## Os pastores

Os pastores son os primeiros homes en decatarse do Nacemento de Xesús e a súa presenza no Belén simboliza a manifestación da chegada do Mesías ao pobo elixido. A súa condición humilde e marxinal os converte en merecedores de tal honra para destacar que a Redención chega para todos sen importar clase ou condición.

Na representación dos beléns os pastores permiten a presenza dos costumes e formas de vida locais e na súa orixe foron tan só tres, de nomes Xosé, Isacio e Xacobe e os seus restos, segundo a tradición, gárdanse na salmantina parroquia de Ledesma.

Con respecto á súa función, tamén as primitivas tradicións asignábanlles un papel: un traía comida, outro abrigo, e o derradeiro, a música, interpretada con unha gaita. Por mor diso o pastor músico por excelencia nos Beléns españois é o gaiteiro.

Xunto a os pastores a presenza dos rabaños de ovellas reforzan a idea do pobo de Deus que acolle a Boa Nova.

## Terceira parte / Escenas Locais

Co gallo da exposición de Nadal IMOS A BELÉN o **Concello de Vigo** e a Agrupación Belenista La Morana quixeron relacionar con algúns elementos da escenografía destacados exemplos do patrimonio local para darlle un sentido aínda máis didáctico á contemplación das escenas. A súa localización e descrición contextualizan tamén o momento histórico representado, enriquecen a visita e lévannos a distintas épocas facilmente identificables na contorna do Concello.

### RÍO LAGARES

O río Lagares é o principal curso fluvial do concello de Vigo. O seu nacemento prodúcese na lagoa do Mol entre o lugar da Retorta na parroquia de Cabral (Vigo), dentro das instalacións do Real Aero Clube, formando a súa fonte un pequeno estanque dende o que se inicia o seu curso. Abrangue todo o sur do termo municipal, de este a oeste, dende as parroquias de Candeán, Cabral e Castrelos ata a súa desembocadura na ría de Vigo no extremo sur da praia de Samil, onde forma unha gran zona de marismas.

### RÍO EIFONSO

É un afluente do río Lagares, pola súa marxe esquerda á altura de Sárdoma, nos que os seus últimos sete quilómetros están percorridos por un parque-paseo de 40.000 metros cadrados que se prolonga dende a zona industrial da avenida de Madrid, ata as marismas da zona de A Carrasqueira, parroquia de Coruxo. Antigamente estas ribeiras constaban de diversos muíños que aproveitaban a forza motriz da auga para moer o trigo. O río Barxa tamén conflúe no Lagares pola zona de Castrelos.

### CASA MUÍÑO DAS MAQUÍAS EN ZAMÁNS

Nas beiras do Zamáns, e preto do aliviadoiro do encoro do mesmo nome, atópase esta casa muíño comesta pola natureza, pero en aparente bo estado de conservación. O seu nome Maquía (Maquías en plural), refírese á parte que se queda o muiñeiro en concepto de pago polo seu traballo, que equivale aproximadamente a un 5% do cereal.

O impresionante marco natural e vexetal no que se localiza, fai que, xunto á formidable estrutura do muíño, sexa un dos exemplos máis espectaculares de toda Galicia. Onde comeza o encoro existe tamén un conxunto de muíños de auga reconstruídos que foron movidos pola auga do Río Vilaza e que forman parte da ruta de Zamáns.

## **PETRÓGLIFOS DE MATAMÁ**

No barrio da Moo, parroquia de Matamá, está situado este petróglifo vigués, un dos máis emblemáticos e representativos do noso repertorio rupestre por ser a única representación dun cervo existente no noso concello.

Hai que dirixirse á estrada Baixada da Moo, a carón do segundo cinto de circunvalación de Vigo, no monte que hai detrás da única casa que se atopa ao lado da ponte que atravesa a autovía, atoparedes un interesante conxunto de varias rochas ricamente gravadas con diversos motivos rupestres.

## **VILA ROMANA DE TORALLA**

Esta vila romana está situada á beira do mar, na “Finca Mirambell”, fronte a illa de Toralla, á entrada da ponte, entre as praias do Vao e Canido. A vila data do século IV da nosa era, enmarcada no período tardo romano, xa preto do final do imperio. Esta foi unha época na que proliferaron numerosas vilas romanas por todo o noso territorio, da que conservamos varios exemplos no concello de Vigo: O Cocho e O Fiunchal en Alcabre, Ríos en Teis, e Sobreiraen Oia.

Neste caso hai que resaltar tamén a proximidade ao castro galaico da illa de Toralla, situado a poucos metros, aínda que o castro parece que deixou de estar habitado antes da construción da vila romana. A vila romana deixou de estar habitada a mediados do século V da nosa era.

## **MUIÑO DE SOLOEIDO DE ABAIXO EN ZAMÁNS**

Este é o quinto muíño que pecha o conxunto etnográfico restaurado de Zamáns. Está situado no fondal dun prado, a continuación dos catro anteriores, por onde discorre o río Vilaza pouco antes de embocar as súas augas no encoro de Zamáns. Seguindo o curso descendente do río están os cinco muíños formando un conxunto etnográfico de especial beleza, tanto pola contorna en que se atopan coma pola fermosa restauración a que foron sometidos.

A levada consérvase en bo estado e provén directamente do cuarto muíño deste conxunto; de feito a auga vai dun muíño ao outro durante todo o percorrido. Nestes últimos metros álzase sobre a pendente do terreo reforzada por sólidos soportes laterais de cachotaría rematados en sólidos perpiaños na zona do cubo.



## **MACHADOS DE ZAMÁNS**

Os machados de bronce máis antigos que temos datados en Vigo, corresponden aos denominados machados planos e corresponden á etapa do Bronce I ou Inicial, que podemos datar cara o 1.500 ao 1.000 antes de Xesucristo. Trátase de dous exemplares que se atoparon de forma fortuíta e non posuímos detalles concretos das circunstancias da súa fabricación e uso.

## **SALINAS ROMANAS EN O AREAL**

Aínda que as primeiras referencias arqueolóxicas son do século XIX o primeiro gran descubrimento produciuse na década dos 50 do pasado século XX; trátase do achado casual de 29 estelas funerarias e unha ara romana durante a construción dunha vivenda, no ano 1953. Xa nos anos 90, co gallo das obras de urbanización da cidade, leváronse a cabo distintas intervencións arqueolóxicas que permitiron contrastar definitivamente tódolos indicios anteriores, e confirmaron a existencia no lugar de asentamentos e necrópoles dos momentos romano e medieval e unha salina atlántica por evaporación solar de máis de 10.000 metros cadrados de superficie.

A estrutura da salina de O Areal queda definida polas aliñacións de pedras fincadas e os pavimentos de arxila e lousas que se estenden entre elas, e que en conxunto conforman as cubetas ou recintos nas que se decantaría o sal por evaporación solar da auga do mar.

## **PONTE ROMANO DE CASTRELOS**

Atópase situado en Castrelos, na travesía da Ponte Romana, entre as rúas de Balaídos, a avenida de Castrelos e a Avenida do Alcalde Portanet. Nunha zona baixa do Val do Fragoso coñecida co nome de Balaídos, moi preto do estadio do mesmo nome e do Parque de Castrelos.

É unha das dúas pontes antigas aínda en pe que cruzan o río Lagares, a outra atópase en Sárdoma, que daba acceso ao Pazo da Caracola, e que aínda hoxe en día ten uso peonil. As súas orixes son incertas, aínda que é posible que teña unha orixe romana, xa que esta zona foi moi romanizada, con numerosas fábricas de salgadura salinas, vilas e unha grande actividade comercial arredor da poboación castreña-romana coñecida coma Vicus.



## **A OLIVEIRA , EMBLEMA DE VIGO**

Durante a Idade Media, Vigo era coñecido polas súas plantacións de oliveiras e polo seu florecente comercio pesqueiro sendo coñecida co sobrenome de “Cidade da oliva”, e actualmente “Ciudad olívica” debido a que no atrio da igrexa da Colexiata de Santa María existía dende moi antigo unha grande oliveira que foi plantada polos Cabaleiros monxes Templarios e desapareceu ao construírse a actual igrexa.

Ao ser derrubada a oliveira, D. Manuel Ángel Pereira, administrador da Aduana, recolleu unha das súas ramas e a plantou no horto da súa casa, diante da Porta do Sol. Alí arraigou e creceu ata que o desenrolo da cidade o fixo desaparecer, non sen antes ser plantado de novo no Paseo de Alfonso XII onde pode verse na actualidade, para que non se perdesa a vigorosa estirpe daquela senlleira árbore da tradición viguesa. A oliveira forma parte do emblema heráldico da cidade.

## **MERCADO DO BERBÉS**

En Vigo, denominada "Vicus Spacorum", o proceso de romanización prodúcese de forma temperá. Os restos arqueolóxicos mostran a existencia dunha intensa actividade portuaria e comercial no litoral vigués dende o século II a. C. ata o século I d.C, século no que se establece a “pax romana”. Isto fai supoñer da existencia de mercados e lonxas dende onde se distribuían os produtos.

O mercado de abastos de O Berbés, é un dos máis antigos de Vigo e, no século XIX, era o único no que se mercaba o peixe na cidade. Hoxe segue destacando polos seus peixes e mariscos, pero como tantos mercados da xeografía española busca modernizarse continuamente para atraer a un novo público.

## **ÁNFORAS DE OLIVEIRA**

A mediados do século pasado, ao se realizar un desmante de terra no lugar da Oliveira (Teis, Vigo), apareceron importantes restos romanos, tales como ladrillos gravados (na vitrina de elementos construtivos), tambores de columnas e unha pía olearia xunto con dúas basas e un morteiro así como outros materiais frecuentes, como os muíños de man, tégulas ou ánforas.

Pénsase que podería ser unha villa ou factoría pola prensa oleica topada, o único exemplo aparecido en Galicia. Tamén se apuntou a posible relación da obtención de aceite e do cultivo da oliveira en Vigo na antigüidade coa actividade que daría nome ao lugar. Así e todo, deberían de aparecer en Vigo máis restos de pequenas lámpadas de aceite (lucernae), escaseza que, xunto coa das ánforas oleicas, se interpreta como a falta de consumo deste produto.

## **PONTE DE SÁRDOMA**

A ponte de Sárdoma é unha ponte medieval que cruza o río Lagares na parroquia viguesa de Sárdoma preto do Pazo da Caracola. Podería ter unha orixe romana, se ben a actual ponte vense utilizando polo menos dende o século XII.

A ponte, de cantería de granito de perpiaños regulares, é sinxela, con unha plataforma recta (non ten a típica fasquía de subida e baixada das pontes medievais, coma a de Castrelos), ten 10 metros de longo, e salva o río grazas a dous arcos de medio punto. Conta, ademais, con un corte de auga central.

## **DOLMEN “A CASA DOS MOUROS”**

O dolmen da Casa dos Mouros é un monumento megalítico situado en Candeán, no concello de Vigo, moi próximo aos campos de adestramento do Real Club Celta de Vigo e moi preto tamén do Parque Zoolóxico da Madroa. Construído entre finais do V milenio a. C. e o fin do III milenio a. C. son restos do Neolítico ligados á cultura megalítica que se desenvolveu en Galicia tres ou catro milenios antes do ano 0. Este dolmen catalógase coma un dos mellor conservados e de meirandes dimensións. É o monumento megalítico meirande da zona e ten a consideración de Ben de Interese Cultural.

O dolmen está composto por cinco ortostatos (lousas verticais) que forman as paredes do monumento e a cuberta, que se atopa apoiada sobre unha das lousas.

## **SALINA DE ALCABRE**

En Punta Borralleiro en Alcabre, empregouse a rocha para sustentar á salina, atopando os arqueólogos diversos muros coma os aparecidos na rúa Pontevedra de Vigo onde se puideron constatar diversos niveis de ocupación, dende o século II a. C. ata o VII d. C., aínda que non sabemos se a explotación sería continuada.

Sábese que o lugar das salinas foi empregado para unha necrópole de entre os séculos III-VI. Estas salinas ocuparían unha extensión de 400 m<sup>2</sup>, onde houbo estanques de decantación, de planta rectangular delimitados por lousas de pedra.

## Cuarta parte / Os Obradoiros de Olot

**IMOS A BELÉN** reúne unha selecta colección de figuras da escola de Olot realizadas dende finais do século XIX a mediados do século XX, pertencentes á propia colección da Agrupación Belenista La Morana.

A escola imaxineira de Olot xurde a finais do século XIX ao amparo dos talleres de debuxo da florecente industria téxtil catalá, como iniciativa dos irmáns Joaquim e Marià Vayreda y Vila, que tras visitar en París o barrio de Saint Sulpice abren en 1880 un taller de imaxinería que segue o estilo académico dos artistas franceses. O éxito nas vendas e a rápida popularidade alcanzada polas pezas chegou a poñer en marcha máis dunha vintena de talleres que tiveron o seu cénit na produción de imaxes durante a posguerra civil española.

As esculturas dos santos de Olot atópanse sen dubida entre as manifestacións máis impresionantes da arte sacra do século XX, nunca se apreciaron plenamente a causa do desprezo da elite cultural polas obras de arte producidas en serie. Así e todo, coa revalorización da arte kitsch a partires dos anos sesenta, as imaxes relixiosas de Olot convértense en iconas de estilo dotadas dun innegable valor estético que son moi apreciadas no mercado anticuario.

O proceso de creación destes santos non cambiou moito dende as súas orixes ata a actualidade. Comeza co modelado da figura orixinal en arxila, a partires da que se elabora un molde de xeso e unha estrutura de madeira dividida en dúas partes que encaixan perfectamente, cubertas no seu interior por unha capa de xelatina para que a masa de cartón e madeira coa que se elabora a figura non se pegue ao molde.

A continuación, cada parte do molde cúbrese con pasta, séllase e se deixa secar. Cando o molde secou, ábrese, sácase a figura e retírase a xelatina, púñense as superficies, engádense os detalles e as partes da figura que non estaban no molde e colócanse os ollos de cristal nas súas órbitas, para o que é necesario serrar a parte superior da cabeza, que se volverá a colocar máis tarde. Por último, píntase a figura segundo a categoría que escolleu o cliente. Pero antes de ser pintadas imprégnanse dunha capa de cola un pouco clara para tapar calquera poro que puidese quedar na pasta.

Unha vez neste este momento, as pezas toman o seu valor de venda ao público. Aquí é onde hai que pintalas e decoralas. O prezo está directamente relacionado co tamaño e a decoración da peza. As pezas procedentes dos talleres xa desaparecidos ou fóra de catálogo son moi apreciadas polos coleccionistas.

**CONCELLO  
DE VIGO**



## **DESPEDIDA EXPOSICIÓN**

O Belén foi, dende fai séculos, un dos elementos iconográficos de meirande atractivo popular na tradición cristiá e a súa presenza segue a ser moi importante durante a celebración do Nadal, tanto nos lugares de culto coma en espazos públicos e nos fogares.

A descrición dos lugares e do conxunto de personaxes que as narracións bíblicas fan arredor do Nacemento de Xesús ofrece un inmenso campo de posibilidades representativas que foron empregadas tanto dende a arte coma dende a tradición artesá. Isto xerou a convivencia de materiais, estilos e técnicas para ocupar un espazo cultural que abrangue por igual o ámbito do popular e do artístico.

**IMOS A BELÉN** é un universo cargado de beleza e atractivo que ofrece na Casa Das Artes unha visión de tódolos aspectos que configuran o rico e variado mundo do Belén máis tradicional; dende os aspectos simbólicos e máxicos, á gracia e significado das súas figuras populares. Todo isto, a través dun guión expositivo no que destacan pezas de finais do século XIX e que será gozado por miles de persoas durante estas festas.

Esta iniciativa do **Concello de Vigo** contou coa experiencia da Agrupación Belenista La Morana, que traballa na preservación e difusión desta enraizada tradición de Nadal.

Co desexo de que gozasen deste percorrido por Belén, agardamos que sigan deixándose sorprenden polo Nadal de Vigo.

**BOAS FESTAS E TODA A FELICIDADE PARA O ANINOVO**

